

Texto e ilustracións: **FERNANDO KRAHN**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas. Ilustracións a todo color.

Dispoñible en:

- Galego: "Hilderita e Maximiliano"
Demademora. ISBN 978-84-8464-230-5
- Castelán: "Hilderita y Maximiliano"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-933759-0-4
- Portugués: "Ildinha e Maximiliano"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-24-8

Prezo: 13 €



HILDERITA E MAXIMILIANO

Éranse unha vez dúas xoaniñas: Hilderita Maximiliano, que se coñeceron na copa dun chapeo de copa. Os dous gustáronse moito. Así que un bo día decidiron casar e foron voando polos aires. - ¡A onde imos? - dixo Maximiliano.

- Á Lúa - contestoulle ela. E empezaron a súa viaxe...

Fernando Krahn preséntanos unha nova versión, a toda cor, da súa entrañable obra "Hilderita and Maximilian", publicada por primeira vez en Estados Unidos en 1968. Neste libro ofrécelles aos lectores unha historia tenra e sinxela, sobre o amor e a familia, co trazo limpo, a dozura e o humor intelixente que caracteriza a obra do ilustrador chileno afincado en Sitges.

Outros títulos que KALANDRAKA ten publicado deste creador con "Quen viu as tesoiras?" e "Pegadas xigantes".

FERNANDO KRAHN (Santiago de Chile, 1935)

É un dos máis grandes mestres internacionais do humor gráfico. Caricaturista, ilustrador, fotógrafo, viviu en Chile e Nova Iorque (1963-68); dende 1973 vive e trabaja en Sitges, Barcelona. Colabora con revistas e xornais de todo o mundo: The New Yorker, Herald Tribune (USA), Die Zeit, Stern (Alemaña), La República (Italia), La Vanguardia e El País.

Publicou máis de 30 libros infantís en Estados Unidos, máis dunha vintena en España, ademais de coleccións de caricaturas en varios países. Tamén realizou series de debuxos animados para televisión. O seu traballo foi recompilado nos principais museos de tiras cómicas e caricaturas (Barcelona, Basilea, Santiago).

Fernando Krahn seguiu unha tendencia caricaturista que nos revela temas cotiás cultivando unha liña crónica do humor negro, a crítica social, mesturando temas sobre a ciencia, a ciencia ficción e as traxedias do noso tempo. Realiza cadros que reflicten unha realidade habitual combinando o trágico, o cómico, o irónico e o absurdo.

- **Temática:** a familia, o amor
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** fábula; sinxeleza estética; outros libros de Fernando Krahn: "Pegadas xigantes" e "Quen viu as tesoiras?"

